

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

ASUNTO:

1ª PRORROGA PARA O OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA NECESARIA PARA A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO MERCADO-FEIRA DE PORTONOVO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2025.

Vista a aprobación por unanimidade na sesión do consello de administración de Insula Sanxenxo EMVS, S.L de data 14 de marzo do 2025:

*Sometido este punto a votación, isto é, que en base os informes xurídicos e contando coa fiscalización favorable da Intervención Xeral do Concello, se **RESOLVE ADXUDICAR 1ª PRORROGA DO OUTORGAMENTO DA AUTORIZACION ADMINISTRATIVA PARA A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO MERCADO-FEIRA DE PORTONOVO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2025** a entidade **MADEIRA ARQUITECTURA Y DISEÑO, S.L**, APROBÁNDOSE o mesmo POR UNANIMIDADE de todos os conselleiros presentes.*

*Asemade, facultase a Presidencia para emitir, comunicar e publicar a Resolución de adxudicación en favor de **MADEIRA ARQUITECTURA Y DISEÑO, S.L**, así como para emitir, comunicar e publicar a Resolución de outorgamento da autorización administrativa da 1ª prorroga, e que se dé traslado das mesmas ó Concello de Sanxenxo ós efectos legalmente oportunos.*

*A autorización administrativa comprenderá en todo caso o dereito á ocupación do dominio público terrestre (na área delimitado no Anexo I das Bases do concurso e nas condicións que se establecen na autorización outorgada polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra a estos efectos en data 20 de novembro de 2024) e a súa explotación para a organización, xestión e desenvolvemento nesta área da Feira de Artesanía de Portonovo na tempada de verán do ano 2025, e reiterase que a adxudicataria que deberá cumprir nos termos e condicións que se derivan do establecido no **Prego das Bases publicadas e memoria técnica do mesmo**, a autorización se outorgará polo período **dende o día 21 de xuño do 2025 ata o 15 de setembro do 2025**. De maneira excepcional, a data de remate pode ser ampliada a solicitude do adxudicatario por un período non superior a 5 días hábiles en base a causas técnicas vinculadas ás labores de desmontaxe.*

*O adxudicatario deberá aboar a **INSULA SANXENXO, E.M.V.S, S.L** o canon polo cal foi adxudicado no 2024, polo importe de 110.000 euros máis IVE.*

Asemade, o adxudicatario deberá aboar no marco desta autorización o importe do canon fixado polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra pola ocupación dos terreos de dominio público durante todo o período, o cal ascende a un importe total de 8.246,86 euros

No caso de prórroga para os próximos anos, atenderase as datas fixadas na formalización da prórroga correspondinte.

É polo que, esta Presidencia, no uso das súas atribucións, **RESOLVE:**

I. ADXUDICAR 1ª PRORROGA PARA A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO MERCADO-FEIRA DE PORTONOVO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2025, a entidade MADEIRA ARQUITECTURA Y DISEÑO, S.L, en base ós informes xurídicos e contando coa fiscalización favorable da Intervención Xenal do Concello, segundo o aprobado no Consello de Administración de Insula Sanxenxo EMVS, S.L por unanimidade de todos os conselleiros presentes en data 14 de marzo del 2025, e visto o informe técnico favorable do proxecto.



II. EMITIR RESOLUCIÓN DA 1ª PRORROGA DO OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA a dita adxudicataria **MADEIRA ARQUITECTURA Y DISEÑO, S.L.**, coas consideracions aprobadas polo Consello de Administración e que se dé traslado da mesma ó Concello de Sanxenxo ós efectos legalmente oportunos.

III. NOTIFICAR A PRESENTE RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN 1ª PRORROGA, ASÍ COMO A AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA QUE SE EMITA O SOLICITANTE, debendo ser publicadas ambas na páxina web do Concello de Sanxenxo.

En Sanxenxo, asinado electrónicamente ó pé.

Presidencia de INSULA SANXENXO EMVS, S.L

Telmo Martín González.

“A presente Resolución pon fin a vía administrativa ó amparo do disposto no artigo 114 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, polo que se podrá interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano de acordo cos artigos 123 e 124 da Ley 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administraciones Públicas no prazo de un mes dende a notificación desta Resolución. Alternativamente, podrase interpoñer directamente recurso contencioso- administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte a notificación da Resolución, de acordo co disposto na Ley 29/1998, de 13 de Xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-administrativa”.